

# Unha promesa cumprida

Un día, escoiteille á miña nai que tiña que subir ata o faiado para ordenar algunhas cousas que foran do meu avó e que estaban a ocupar demasiado espazo, xa que ela quería levar os mobles do salón e mercar uns novos e máis modernos. Pedíume que lle botase unha man e o sábado pola tarde, despois de xantar puxémonos mans á obra.

Estivemos recollendo todo tipo de cousas, a antiga máquina de coser da miña avoa, a hucha onde temos gardados os disfraces do entroido de anos anteriores, a miña bicicleta de montaña e a primeira bicicleta de meu pai, que a ten impecable a pesar dos anos. Tiñamos todo recollido, fixeramos o espazo para subir os mobles, cando, de súpeto, atopei debaixo da hucha dos disfraces un xornal bastante deteriorado.

Era un exemplar de “ La Voz de Galicia ” do ano 1989, no que se podía ler na súa portada o seguinte: “ Grave accidente aéreo na illa de Madeira ”. Gardei o xornal disimuladamente debaixo do meu brazo sen que a miña nai se percatase e baixamos a cear. Antes de sentarme na mesa, levei o xornal para a miña habitación e escondíno ben gardadiño no armario para que ninguén o atopase.

Ao día seguinte os meus pais marcharan facer unha visita aos meus avós á aldea e eu xa lles tiña comentado que prefería ficar na casa para preparar os exames de avaliación, que comezaban esa mesma semana, ademais a miña irmá Silvia, tamén estaba estudando posto que se achegaba a selectividade.

Non estudei absolutamente nada, o único que fixen foi ler aquela sorprendente nova que traía o xornal. Sorprendeume ler que a gran parte dos pasaxeiros daquel voo eran españois, que ían de visita ás Illas Azores. Pero o que máis me chamou a atención foi que só había un supervivente, unha señora embarazada, da que o xornal só poñía as súas iniciais.

Pasaron os días e non era capaz de pensar noutra cousa máis que naquel accidente, tiña moitas gañas de investigar quen era aquela señora.e sobre todo que facía alí aquel xornal, Quen o gardaría?

Pasaron os días, remataron os exames e por fin chegaron as ansiadas vacacións. Todos os da casa fomos para o apartamento que temos na praia. Moi preto de alí, na beira do paseo marítimo, fixeron un gran parque con moitos bancos, columpios, tobogáns, onde poder pasar unha agradable tarde de verán cando non fai bo día para estar na praia. Somos moitos nenos e nenas os que nos reunimos polas mañás para xogar pero este verán pasado chegou un neno que apenas falaba con nós, ninguén coñecía aos seus pais, nin sequera sabíamos se tiña familia na nosa vila porque nunca o viramos.

O segundo día que o vimos achegámonos a miña amiga Raquel e máis eu e preguntámoslle, ¿ como te chamas ?, non nos respondeu, entón a miña amiga díxome, Fany, pregúntalle en inglés, e así o fixen, aínda que a miña pronunciación non era moi boa, “ What’s your name?. Nese mesmo momento, aquel neno que parecía que nos tiña medo, voltou a súa mirada cara a nós, e cun amplo sorriso respostou, “ my name is Paul ”, “ nice to meet you ”.

Realmente sentímonos aliviadas, xa que polo menos aceptou ser o noso amigo, e pouco a pouco foise integrando no grupo de nenos e nenas que sempre

estabamos a xogar polas mañás no parque, e incluso co paso dos días foi aprendendo algunhas cousas en castelán.

Non falabamos en galego porque dentro da nosa pandilla, había catro nenas de Madrid, un neno de Palencia e dous nenos de Valladolid, que pasaban gran parte do verán con nós, por iso entre todos, entendiamonos mellor en castelán, aínda que Raquel e máis eu encargabámonos de ensinalles algunhas expresións en galego.

O noso novo amigo era un pouco misterioso, sempre o víamos só, non sabiamos quen es eran os seus pais, ata que un día escoitei unha conversa que resultou moi importante, aínda que me custou un castigo.

Esquecín as chaves da casa, e fun a pedirllas a meu pai, que estaba na taberna xogando unha partida ao dominó cos seus amigos, como todas as tardes despois de xantar, estaban a falar dunha señora que viñera pola vila a pasar uns días e que con ela tamén viñera o seu fillo Paul. Cando escoitei iso, interrompín a conversa dos amigos de meu pai para dicirlle que nós coñeciamos a ese neno e que sempre xogabamos con el, e como era evidente, o meu pai cando chegou á casa pola noite, castigoume porque unha nena de doce anos non se debe meter en cousas de maiores, e moito menos interromper.

Ao día seguinte Raquel e máis eu seguimos investigando a procedencia de Paul, e como xa sabía falar máis ou menos ben o castelán, foinos moito máis doado investigar. Comentounos que nunca coñecera ao seu pai, nin a súa irmá, xa que morreran en accidente de avión, e que naquela traxedia o seu irmán Oliver estaba no ventre da súa nai, e que esta fora a única supervivente.

O que máis nos sorprendeu foi o dato que nos dixo, o accidente aéreo fora no ano 1989. ¡ Que coincidencia !. Exactamente igual, parecía que cada nova que nos daba, viña sacada directamente do xornal que gardaba no meu armario. Cada dato coincidía, cada vez sentíamos máis gañas de obter máis información. Seguínos contando cousas da súa familia. Aseguraba que todo era certo, porque o lera no diario da súa nai, algo que non se debe facer.

Pasaban os días e íamos contando máis historias sorprendentes. Díxonos que o seu irmán Oliver foi dado en adopción ao nacer xa que os médicos pensaban que a súa nai non ía sobrevivir a unha importante operación. Sorprendentemente a súa nai recuperouse, pero nunca máis voltou a ter contacto co seu fillo.

Paul nunca lle comentou nada a súa nai sobre Oliver, e pensaba que nunca o podería coñecer, xa que contaban con poucos recursos económicos.

Tantas veces xogamos e tanto que conversamos, fixo que pouco a pouco, fomos labrando unha gran amizade. Aquel xornal de 1989 era un tesouro que gardabamos entre os tres: Paul, Raquel e máis eu. Ninguén máis o sabía

Paul, era un neno moi guapo. Moi alto, co cabelo escuro, ollos claros, un nariz pequeno pero afiado e unha boca pequena. Os seus brazos eran longos e resistentes. Ensinounos a xogar ben a voleibol na rede que había na entrada da praia, xogaba moi ben. Estaba moi moreno, encantáballe poñerse ao sol, e sempre vestía camisetas de manga curta e bermudas. Aprendimos moito con el.

A mediados do verán comentounos que para el sería un soño coñecer ao seu irmán pero tamén recoñecía que era unha tarefa difícil.

Estabamos a xogar ao voleibol na rede, cando escoitamos uns comentarios duns homes que pasaban por alí, resulta que eran o meu pai e os seus amigos que, nunha demostración da súa soberbia, apostaron un partido contra nós, eramos cinco e eles tamén, ríanse de nós porque case non lle chegabamos á rede, agás Paul.

Comentámoslles que farían se lles gañabamos, e dixeron que o que nós quixésemos, que era imposible que lles gañásemos. Presumían que tiñan o mellor xogador de toda a costa, o alcalde, pero xa estaba retirado. En definitiva, que comezamos a xogar e gañamos. Quedaron abraiados da soltura e axilidade de Paul para o voleibol. Tras esa contundente vitoria, tocábanos pedirilles o desexo, a meu pai pedinlle unha bicicleta nova, Silvia ao seu ,que tamén era uns dos xogadores, pediulle unas zapatillas deportivas e despois, ao noso alcalde, que estaba abatido, pedímoslle unha beca de estudos en Galicia para Paul. Non satisfeitos con isto, tamén lle pedimos que reunise a Paul co seu irmán.

Os desexos foron todos concedidos, no mes de setembro Paul trasladouse a Santiago de Compostela e a súa nai veu con el.

Máis difícil foi o de traer a Oliver a España, pero o noso alcalde comprometeuse a facelo, logo de recoñecer que aquela actitude na praia, ríndose de nós, non foi a axeitada. Grazas a un empresario galego que vive en Austria, país de procedencia de Paul, conseguiu contactar con Oliver. Atopábase nun internado a piques de rematar os seus estudos de bacharelato. Non sabía nada da súa nai nin do seu irmán. O noso alcalde, permaneceu varios días nese país europeo e contoulle a Oliver o do accidente e que tiveran e tamén que a súa nai e o seu irmán estaban vivindo en España. Despois de conseguir todos os permisos necesarios, Oliver veu para Galicia a rematar os seus estudos e por fin coñeceu á súa nai e o seu irmán Paul.

Desta maneira cumpriuse o desexo de Paul, grazas a aquel partido de voleibol que lle gañamos ao noso alcalde e sobre todo por esa teima que teñen ás veces os maiores para infravalorarnos. Nós aprendemos que non se debe menospreciar ás persoas, senón todo o contrario, hai que respectalas, sexan nenos ou maiores, sabendo en todo momento cales son as nosas propias posibilidades e tamén as nosas propias limitacións. Pero tamén aprendemos que cada persoa debe cumprir coa súa palabra aínda que iso lle supoña un gran desenvolvo de cartos como lle pasou ao noso alcalde. Tamén aprendemos de Oliver, que hai que saber perdoar e no gardar rencor por feitos que xa non teñen remedio, o mellor e olvidar e vivir en paz coas persoas que queres

Quinto de Educación Primaria